

Información



A Rede Eusumo convoca os seus socios baixo o lema "Facendo máis Rede Eusumo"

O encontro está deseñado en formato de workshop orientado a favorecer, mediante sesións informais, a participación e o traballo conxunto nas actividades da rede.

Prazo de inscrición: ata o **26/02/2019**

Accede ao formulario de [inscrición](#)

Contacta: **981558008** ou

eusumo.emprego@xunta.gal

[Ver máis](#)

Buscas un achegamento académico á economía social?

A economía social é un modelo en auge que permite a continuidade no tempo de postos de traballo de calidade e antepón o benestar das persoas ante o lucro económico. Por esta razón, cada vez son máis as entidades e universidades que investigan as súas características e implicacións co obxectivo de dalo a coñecer entre os seus estudantes e a sociedade no seu conxunto.

Se queres que a túa entidade forme parte desta guía escribe a: **eusumo.emprego@xunta.gal**

[Ver máis](#)




Informe de actividade Rede Eusumo 2018

Coñece a economía social en cifras, que é a Rede Eusumo e quen forma parte dela, a súa función, as axudas para o fomento da economía social en Galicia e outros datos de interese.

Accede ao [informe de actividade](#)

[Ver máis](#)

Actividades



Liderado cooperativo e xestión de equipos

O obxectivo da xornada é mellorar as necesidades formativas e a situación dos procedementos e sistemas de dirección empresarial, así como divulgar boas prácticas, ferramentas e habilidades que permitan mellorar os procedementos internos das entidades participantes ademais de potenciar o coñecemento mutuo e intercambio de experiencias entre elas, de maneira que poidan establecer alianzas futuras.

Data: **22/02/2019 e 01/03/2019**

Horario: **09:30-14:30 e 16:00-18:30**

Lugar: Rúa Dublín, nº3, baixos- Santiago

Contacto: **tino@espazo.coop**

Accede ao formulario de [inscrición](#)

[Ver máis](#)

ELABORA O TEU PLAN DE EMPRESA COOPERATIVO



edición en SADA
do 25 ao 28 de
febreiro 2019

Elabora o teu plan de empresa cooperativo

A actividade formativa ten como obxectivo mostrar as condicións e pasos para emprender como empresa cooperativa, coñecer que analizar para facer da nosa idea un proxecto cooperativo viable, elaborar de maneira conxunta o plan de empresa e avaliar o grupo emprendedor.

Data: do **25/02/2019** ao **28/02/2019**

Horario: **09:30-14:30h.**

Lugar: **Salón de Plenos do Concello de Sada**

Inscricións: a través do [formulario](#) ou no 881929057/ aedl@concellodesada.com

[Ver máis](#)



Obradoiro: Gobernanza cooperativa nas Comunidades de Montes Veciñais en Beariz

O obxecto do obradoiro é acadar en cinco xornadas temáticas que os participantes amosen vías de impulso da rendibilidade dos montes baixo o réxime de xestión cooperativizada, favorecendo o emprendemento de actividades económicas e a xeración de emprego, especialmente entre a xuventude.

Data: do **25/02/2019** ao **01/03/2019**

Horario: **17:00-20:00 h.**

Lugar: **Salón de Actos do Concello de Beariz**

Inscricións: no 981584783 ou www.agaca.coop

[Ver máis](#)

Rede Eusumo

Contacte en: comunicacion@eusumo.gal ou 610 17 43 89

Máis información en:



www.eusumo.gal



**XUNTA
DE GALICIA**